

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

do 27 de outubro de 2016

### ACTA Núm. 11/2016

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de outubro do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

#### PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D<sup>a</sup> María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño

D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D<sup>a</sup> María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo

Secretario: D. Luis Alberto Gil García, que dá fe do acto.

#### ORDE DO DÍA

##### A Parte Dispositiva

1. APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (29.09.2016)
2. RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
3. PROPOSTA DE ACORDO SOBRE A INCOMPATIBILIDADE DA CONCELLEIRA D<sup>a</sup> CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO
4. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E OUTRAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA
5. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA
6. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES
7. MOCIÓN DO BNG SOBRE HOMENAXEAR A XOSÉ MANUEL OLVEIRA "PICO" POÑÉNDOLLE O SEU NOME A UNHA DAS RÚAS DA PARROQUIA DE ESTEIRO
8. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO 3º TRIMESTRE DE 2016
9. RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

##### B Parte de control dos órganos de goberno

10. MOCIÓNS DE URXENCIA
11. ROGOS E PREGUNTAS

\*\*\*\*\*

## **A Parte Dispositiva**

### **1. APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (29.09.2016)**

A Sra. alcaldesa somete a votación a acta da sesión ordinaria do pleno do 29.09.2016, que se aproba por unanimidade.

### **2. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS**

A Sra. alcaldesa expón que é o mesmo recoñecemento extraxudicial de créditos que se levou ao Pleno de setembro.

A Sra. Monteagudo di que volven a levar o mesmo punto que foi rexeitado no pleno anterior. Que no pleno anterior aprobaron unha modificación de crédito polo que se destinaban máis de cento dezanove mil euros ao subministro de enerxía eléctrica e que o recoñecemento extraxudicial por importe de 80.219,50 € destina ao pago de subministración eléctrica unha cantidade de 31.193,17 €. Que non entenden moi ben xa que se acaba de dotar a partida con diñeiro.

Que destina a facturas con reparos de intervención, 37.954,64 €, e que supoñen que se se aproba no pleno significa que se levantan os reparos.

Que o resto son uns once mil euros correspondentes a subministracións contratadas pola alcaldesa, como a reportaxe fotográfica pola que preguntaron no pleno anterior, por importe de 1.1815 € e que contratou sen contar con diñeiro para pagala.

Que na comisión informativa o representante do grupo do BNG dixo que as explicacións que lles deron foran suficientes para cambiar o sentido do seu voto pero que ao seu grupo non lles deu ningunha explicación polo que non van cambiar o sentido do seu voto. Que tampouco van votar en contra pois os provedores teñen dereito a cobrar polos servizos prestados a pesar da incompetencia deste goberno, que non foi capaz de elaborar uns orzamentos en ano e medio.

A Sra. González comenta que xa preguntaron na comisión informativa polo motivo de levar outra vez este recoñecemento extraxudicial de créditos e que a Sra. alcaldesa manifestou que non había ningún cambio.

Que o seu grupo non é partidario de que estean sen cobrar os provedores. Recorda que cando entraron no goberno, na pasada lexislatura encontraron facturas sen pagar por valor de máis de un millón de euros. Que a Sra. Alfonso formaba parte do goberno que deixou sen pagar esas facturas e que a mecánica volve ser a mesma.

Di que nin a alcaldesa nin o concelleiro de facenda teñen capacidade para facerse cargo de nada porque o están facendo fatal.

Que é a segunda ou a terceira vez que levan a pleno un recoñecemento extraxudicial de créditos. Que son exactamente as mesmas facturas que levaron ao pleno anterior, polo que non fixeron ningún esforzo por aboar algunha delas. E que non obstante na documentación do pleno, entre decretos e Xuntas de Goberno, hai unhas catro modificacións de crédito, que significa que as partidas do orzamento están esgotadas. E que non fixeron nada do próximo orzamento.

Que hai un informe, do 12 de outubro, asinado polo concelleiro de Facenda no que se fai unha compensación entre partidas vinculadas e que sacou cartos para outra cousa pero non para pagar os provedores que están chamando a todos dicindo que queren cobrar e que non son culpables da incompetencia do goberno municipal.

Continúa a súa intervención dicindo que non sabe que medidas terán que tomar xa que non hai orzamentos para o vindeiro ano, nin cartos para pagar os compromisos adquiridos e que as facturas quedan sen pagar. Que non son capaces nin de pagar a luz.

Que se os tres membros do goberno, tres investigados, non son capaces de facerlle fronte aos pagos, que desde a oposición terán que tomar cartas no asunto para que a veciñanza e os provedores poidan cobrar.

O Sr. García refírese á comisión informativa na que xa manifestaron a súa posición en canto ao recoñecemento extraxudicial de créditos. Que a postura do BNG, ao igual que o que pasa en concellos como Mazaricos, é que se pague aos provedores do concello coa máxima prontitude posible.

Que tampouco poden aprobar as cousas por aprobalas e que no anterior pleno víronse obrigados a absterse nese punto porque non se lles deran as explicacións que requiriran. Que logo se lles explicou o porqué dos reparos e que o entenderon, polo que manifesta o seu apoio.

Manifesta que son o grupo municipal máis pequeno, dous de trece, e son os que teñen que desbloquear a situación do Concello. Pide unha pequena reflexión e empezar a traballar doutro xeito. Que confía en que todos os que están presentes poidan rematar a sesión e que todos vexan como, aínda sendo poucos/as se pode facer política e oposición dun xeito construtivo. Que sempre lles din que teñen moito que aprender porque son moi novos/as e eles consideran que tamén hai moitos/as que teñen que aprender deles.

Na segunda rolda de intervención a voceira popular di que xa comentaron o que lles parecía e a súa postura.

A voceira socialista manifesta que comparten a posición do BNG e di que oxalá isto acabe funcionando doutra maneira e que teñen coñecemento de que probablemente a finais deste mes van embargar as contas do Concello, co cal non van cobrar os funcionarios e que é unha situación extrema á que nunca se chegou.

Que todos teñen que madurar e teñen que darse conta de que se teñen que poñer as pilas, facer os orzamentos e solucionar os problemas da veciñanza e non os persoais. Do contrario ten moi malas miras e se ademais os problemas afectan a concellos limítrofes, xa que saben que hai traballos que están facendo en Outes e Carnota de xeito gratuíto, e pensan que ese gasto podería valer para facer fronte a moitas das facturas que hai pendentes.

O voceiro do BNG di que non ten máis que achegar.

A Sra. alcaldesa volve explicar que é o mesmo recoñecemento extraxudicial do anterior pleno e que espera que se aprrobe, do contrario que volverá a levalo pois a xente que fai un traballo ou presta un servizo, ten que cobrar, do contrario caerían en enriquecemento inxusto.

No que se refire aos orzamentos di que coa súa elaboración non se solucionan os problemas das facturas e que a Sra. González debería sabelo xa que foi alcaldesa varios anos, que son facturas de exercicios pasados e algunhas do seu mandato. Que sabe perfectamente que a única maneira de que esas empresas poidan cobrar é por un acordo plenario.

Votación: A favor 5 (3 de CxG e 2 do BNG) e 8 abstencións (4 do PP e 4 do PSdeG-PSOE)

Acordo:

Aprobar os gastos indicados, que corresponden a servizos prestados en exercicios anteriores, recoñecendo as débedas que destas derivan, con cargo ás correspondentes partidas do orzamento do exercicio da relación contable de facturas núm. F/2016/35 e ADO núm. 220160007269) e que ascenden a un total de 80.219,50 €

“Relación F/2006/35

Apelidos e nome ou razón social	Importe factura
GAS NATURAL S.U.R SDG, S.A.	47,15
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	404,64
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	860,84
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	820,44
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	510,02
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	577,55
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.207,80
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	637,82
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	788,79
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	908,66
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	610,07
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	605,40
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	865,77
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	297,59
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.336,45
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2.100,55
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	533,83
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	280,25
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	51,38
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	739,72
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	84,65

GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	353,60
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	98,66
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	911,15
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	1.038,79
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	586,55
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	747,16
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	379,92
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	556,31
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	60,44
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	159,84
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	9,95
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	28,18
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	32,43
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	13,49
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	61,26
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	39,82
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	20,07
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	100,48
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	10,74
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	196,14
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	259,52
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	48,07
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	221,42
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	181,33
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	17,12
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	726,40
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	853,59
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	2.367,44
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	796,70
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	702,28
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	541,56
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	11,07
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	1.450,38
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	888,65
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	775,28
GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A.	1.127,95
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	27,78
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	115,71
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	325,50
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	81,61
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	112,53
VENINTISIETE MULTIMEDIA S.L.	403,33
CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.LU	907,50
TUÑAS NIETO YONI	4.097,79
LA VOZ DE GALICIA S.A.	150,00
LA VOZ DE GALICIA S.A.	1.600,00
OYS NOROESTE S.L.	15.204,15
SEMANDE Y FIGUEIRAS S.L.	1.355,00
SEMANDE Y FIGUEIRAS S.L	630,00
CONTIDOS E MENSAXES, S.L.	1.815,00
CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA, S.L.U.	907,50
Total	57.469,01

ADO Núm. 220160007269: CALFENSA PROYECTOS, S.L., por importe de 22,750,49.

### **3. PROPOSTA DE ACORDO SOBRE A INCOMPATIBILIDADE DA CONCELLEIRA D<sup>a</sup> CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO**

A Sra. alcaldesa explica que Caridad González Cerviño, ademais de ser concelleira, está exercendo como procuradora en varios procesos xudiciais contra o Concello de Muros. Que é unha situación que ten que ser declarada incompatible polo propio pleno.

Que o tema xa se tratou na comisión informativa e que por un lado a portavoz popular dicía que non entendía porque tiña que tratarse no pleno ese asunto porque xa a concelleira presentara alegacións dicindo que ía renunciar a eses procesos xudiciais pero que non é suficiente pois a renuncia ten que facela nos tribunais.

Que tamén manifestaba a voceira popular que non estaba rematado o proceso e que bastaba con que a Alcaldía lle requirira para que presentase eses xustificantes, pero que tal e como pon no informe de secretaría, esa potestade a ten o pleno.

Que a voceira socialista acusouna de mentir e que xa tiña constancia de que renunciara e eses procesos.

Le o seguinte informe:

*“Requerido pola Sra. alcaldesa de Muros para informar sobre diversas cuestións relativas ao estado actual de tramitación no que se atopan procedementos xudiciais instados contra o Concello de Muros, e nos que ocupaba a condición de procuradora dos demandantes a concelleira D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño, procédese a informar do seguinte:*

#### **“Estado de tramitación dos procedementos na actualidade e situación procesual en canto á representación dos demandantes do Concello de Muros**

- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña. Conta honorarios do avogado nº 333/2015.

*Preséntase unha nova procuradora do demandante, D<sup>a</sup> Cristina Pedrosa Candamo o 19/10/16.*

- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña. Conta honorarios do avogado nº 263/2015.

*Continúa Caridad González Cerviño como procuradora.*

- Xulgado de Primeira Instancia de Muros. Conta de honorarios do avogado nº 386/2015.

*Preséntase unha nova procuradora do demandante, D<sup>a</sup> Cristina Pedrosa Candamo o 19/10/16.*

- Xulgado de Primeira Instancia de Muros. Conta de honorarios do avogado nº 385/2015.

*Preséntase unha nova procuradora do demandante, D<sup>a</sup> Cristina Pedrosa Candamo o 19/10/16.*

- Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña. Conta honorarios do avogado nº 646/2015.

*Preséntase unha nova procuradora do demandante, D<sup>a</sup> Cristina Pedrosa Candamo o 19/10/16.*

- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña. Conta honorarios do avogado nº 258/2015.

*Preséntase unha nova procuradora do demandante, D<sup>a</sup> Cristina Pedrosa Candamo o 19/10/16.*

- Sección 2<sup>a</sup> da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Conta honorarios do avogado 4305/2015.

*Continúa Caridad González Cerviño como procuradora.*

- Sección 2<sup>a</sup> da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Conta honorarios do avogado nº 4320/2015.

*Procedemento finalizado con Caridad González Cerviño como procuradora.*

- Sección 2<sup>a</sup> da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Conta honorarios do avogado nº 4321/2015.

*O 20/10/2016 se persona Cristina Pedrosa.*

- Sección 2<sup>a</sup> da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Conta honorarios do avogado nº 4369/2015.

*Arquivado con Caridad González de procuradora.*

- Xulgado de Primeira Instancia de Muros. Execución de títulos xudiciais nº 45/2016.

O 19 de outubro preséntase Cristina Pedrosa.

- Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.  
Execución de títulos xudiciais nº 4012/2016.

Arquivado con Caridad G. Cerviño de Procuradora.

- Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.  
Execución de títulos xudiciais nº 4028/2016.

25/10/2016 preséntase Cristina Pedrosa.

- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1. Procedemento abreviado nº 94/2016.

O luns 24 de outubro celebrouse o xuízo con Caridad González Cerviño presentada como procuradora do demandante.

Presentou Caridad González Cerviño un escrito de desestimento o 26 de outubro, continuando de procuradora mentres o demandante non nomee novo procurador.

A Sra. alcaldesa engade que o xuízo que se celebrou o luns foi por unha reclamación que se fixo ao concello cando a Sra. González era alcaldesa. E a reclamación foi desestimada por silencio administrativo no seu mandato polo que estivo na parte demandada e na parte do demandante ata o 26/10/2016, data na que presentou o seu desistimento.

Continúa dicindo que, se queda algunha dúbida, que trouxo o escrito de desistimento, e que na comisión informativa o día 24 acusouna de mentir e ten a sinatura da concelleira do día 26 aínda que o escrito ten data 17. Que ademais a sentenza ten data do 25 de outubro e nela aparece como procuradora Caridad González Cerviño.

Que queda claro que aínda hai incompatibilidade porque hai procedementos aos que non renunciou e todo iso dando por bo que hai procedementos nos que se presentou unha nova procuradora sen que conste o escrito de renuncia dela. Pero que aínda así quedan polo menos dous procedementos nos que a Sra. González segue como procuradora representando a outras persoas ou entidades en contra do Concello de Muros.

A Sra. Monteagudo di que coincide coa alcaldesa en que é unha competencia do pleno a declaración de incompatibilidade pero que len que na proposta que asina fai mención a unha documentación acreditativa da causa de incompatibilidade que non achegou na comisión nin a achega agora e le textualmente: "coa documentación achegada a este informe".

Que non sabe se o informe que lle fixo o avogado foi en calidade de asesor ou de que, xa que comentou en varias ocasión que non ía contratar asesores.

Que pode ler tamén o informe do secretario do concello onde deixa ben claro que "o procedemento non debe obviar a necesidade de instruír un expediente previo, no que, polo menos, se dea audiencia á concelleira afectada" e que nese trámite previo a concelleira afectada manifestou que renuncia á representación que ostenta nos preitos polos impagos do Concello.

Que pode ser que non estean incluídos todos, que non o saben porque non saben exactamente todos os preitos que ten o Concello e que entenden que non debería levarse ese asunto ao pleno sen ter claro que efectivamente existen ou non existen esas renunciacións.

Por outro lado, na relación de demandas que leu, que lle faltan dúas que están no informe.

Tamén lle di a Sra. González que unha cousa son as compatibilidades dos traballadores públicos e outra as dos cargos públicos.

Que eles queren ver a documentación porque non coincide nada así que pide que achegue a documentación correspondente e que logo tomarán unha decisión.

A Sra. González di que se se paran un pouco na documentación que presenta a Sra. alcaldesa, (que por certo é un informe que terá que pagar ao asesor xurídico que ten camuflado) que a súa ignorancia en dereito está clarísima e que non se parou a pensar no que está lendo porque se non tería que darse conta que é unha barbaridade tras barbaridade.

Primeiro que non achegou a documentación porque non quixo xa que son facturas dun letrado que traballou e non cobrou.

Di que ela non é a demandante e que se coidou moito de asinar a efectos de representación e que ten un informe do seu colexio que pon que non ten ningunha incompatibilidade, que non é incompatible se asinas a efectos de representación. Que o demandante é José Luis Barros Ferrerira, que é o avogado que traballou en urbanismo no concello e que demanda porque non cobrou os procesos xudiciais que levou.

Que hai un lote de facturas que a Sra. alcaldesa se negou, de xeito caprichoso, a pagar.

Que está claro que todos eses procedementos se ganaron polo que está claro que se deberían ter pagado esas facturas.

Que os procedementos que ela leu son a metade dos que hai. Que debe uns trinta mil euros.

Explica como funciona e di que unha vez presentada a demanda e que se resolve no xulgado que se presenta unha demanda nova que é a execución e que levan costas necesariamente. Que todos o procedementos que leu, levan costas xa que están todos en execución e neses procedementos van acabar embargando as contas do concello. Que non é a conta da Sra. alcaldesa, que de ser así estarían pagadas as facturas, pero que embargan as contas dos veciños/as de Muros. Que ese é o gran problema pero que ata aí chega o capricho á Sra. alcaldesa.

Que dixo que estivo nun proceso de demandante e demandada e polo que é unha ignorante, porque ela non foi demandante nin demandada en ningún procedemento. Que o que pasa e que hai dous ou tres procedementos que efectivamente non se tramitou o escrito de renuncia. Que nese procedemento, que perdeu con costas, que se presentou o escrito o 17, ao igual que todas as súas renuncias (que non tiña porque facelo porque non ten ningunha incompatibilidade). Que ela non vai cobrar nada por ese procedemento. Que as costas son para o avogado. Que as costas son para pagar o avogado/a e o procurador/a. E que non presenta a minuta que presentou ela como procuradora porque non hai.

Que Caridad González Cerviño non lle pasou nin un só euro ao Concello de Muros.

Que nos demais procedementos vai pagar unha procuradora, polo seu capricho, porque ela non ía pasar ningunha minuta.

Que é verdade que se presentou ese día nese procedemento porque hai momentos procesuais nos que é imposible presentar a renuncia. Que o xuízo estaba marcado e o secretario do xulgado dixo que non ían tramitar o escrito de renuncia ata despois de celebrar o xuízo.

Que non ten interese ningún neste tipo de procedementos.

Que con respecto aos outros están presentados os escritos de renuncia pero non se poden tramitar polo estado procesual no que se encontran.

Di que a Sra. alcaldesa mentiu porque o día da Comisión informativa, o 24, estaban presentadas todas as renuncias desde o 17. E que renunciou de xeito voluntario, que a Sra. alcaldesa non é quen de obrigala.

Que o único que pode declarar a incompatibilidade é o pleno da corporación e non a Sra. alcaldesa e que o día 19 lle chegou o carteiro cun escrito asinado por ela. Que o acordou ela cando acaba de ler que o órgano competente é o pleno polo que acaba de cometer outro delito máis e que non ten volta atrás xa que hai un acuse de recibo no que consta que lle mandou unha carta requiríndolle e que ela contestou en prazo.

Que vai subir esa carta con acuse de recibo ao xulgado e que vai ser a alcaldesa máis imputada de toda España. Que ou moi mal o está facendo o seu asesor ou ela porque está metendo moito a pata.

Que con respecto a súa profesión que non é a primeira vez que a alcaldesa pide que peche o despacho e que lle vai dicir que *no* e *no es no*. Que xa o pedira a última vez que tomara posesión como alcaldesa. Que é unha obsesión.

Que en canto a incompatibilidade, pide que a alcaldesa fale co Colexio de Procuradores e que seguramente lle dirán que se dedique a outra cousa.

Refírese ao dito pola Sra. alcaldesa de que non presentou ningún escrito de renuncia e que é unha ignorante porque hai o que se chama renuncia tácita e explica como é.

Di que o avogado da Sra. alcaldesa cobra ben e engánaa (que a Sra. alcaldesa non sabe de *lexnet*, que só sabe de *facebook*). Explica como se mandan os escritos ao xulgado e que as partes teñen coñecemento no mesmo momento. Que a Sra. alcaldesa si tiña coñecemento das renuncias e que volveu a mentir. Que o xulgado non admite ningún escrito se non consta o traslado á parte contraria (que debería sabelo porque pasa moito polo xulgado e que vai pasar máis).

Que imos pagar os custos das executorias, avogado/a e procurador/a, os intereses de hai tres anos, que é o 20%. Que todo gracias á Sra. alcaldesa porque non quixo pagar as minutas do avogado.

Que non se lle ocorreu outra cousa que sacala a ela dos preitos, cando tiña unha profesional do dereito que lle ía facer as cousas gratis sen pasarlle nin un euro ao concello e que agora vai

pagar outro/a procurador/a pero que lle dá igual porque o diñeiro é da veciñanza de Muros, que é o que menos lle importa.

Le un escrito, que é o mesmo que vai presentar no xulgado:

*“He sido requerida por escrito por la Sra. alcaldesa al objecto de que cesase en una presunta incompatibilidad entre mi condición de representante del pueblo de Muros con mi actividad como profesional liberal.*

*En ese escrito se me conminaba por un plazo de diez días a que cesase por presunta incompatibilidad.*

*Antes de denunciar el atropello que por su cuenta e sin pasar por el Pleno la señora alcaldesa otorgue o retire incompatibilidades que nadie ha cuestionado, fruto de su ignorancia en derecho, decir que la ley de aplicación es el Real decreto 2568/86 de 28 de noviembre por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, el cual en su artículo 12.2 dice “Producida una causa de incompatibilidad y declarada la misma por el Pleno corporativo, el afectado por tal declaración deberá optar, en el plazo de los diez días siguientes a aquél en que reciba la notificación (por el pleno), de su incompatibilidad, entre la renuncia a la condición de Concejal o Diputado o el abandono de la situación que de origen a la referida incompatibilidad. “*

*¿Se puede saber en que Pleno de esta Corporación se tomó ese acuerdo que vd. mandó a mi casa? y que firmó antes de llevarlo al Pleno. ¿En que Pleno se debatió?. ¿A que Pleno se trajo? A ninguno.*

*¿Quién es la Sra. alcaldesa para saltándose el poder del Pleno de la Corporación, requerir a un representante electo del pueblo que cese en su actividad profesional liberal? ¿Quién es Vd. Sra. alcaldesa?*

*El requerimiento previo que se me ha hecho por parte de la señora alcaldesa es un flagrante delito de prevaricación, pues a sabiendas (ya que tenía un informe del secretario) se orrogó una autoridad que no tiene en las declaraciones de incompatibilidad de los miembros de la corporación que ostenta exclusivamente el Pleno de la Corporación.*

*Mi condición de compatible o incompatible debe ser votada por el Pleno, no decidida por la alcaldesa y caso de que se apruebe mi compatibilidade se puede abanicar con el escrito que mandó a mi casa.*

*Me consta el porqué de esta insistencia. Vd. quiere que cese como concejal de la Corporación municipal, y que no es la primera vez que lo intenta, y uno de los motivos es que no le interesa que tengamos información, ni siquiera es vd. original,, podía vd. poner en el escrito “váyase Sra. González” y no lo puso. Quedaba mucho más ameno.*

*Pero siento tener que decirle que me va seguir teniendo enfrente en defensa del pueblo que me votó. Voy a seguir cumpliendo con la función que me dieron mis vecinos de Muros votándome en las urnas. Y vamos a seguir, el grupo socialista, denunciando su incompetencia y sus atropellos”.*

O Sr. García, do grupo do BNG, empeza a súa intervención dicindo que máis alá da *master class* que acaban de recibir, sen entrar a valorar *chascarrillos* como do de “no es no” e sen entrar a valorar o ético ou non de que unha ex alcaldesa estea agora representando diante dos tribunais a quen reclama cousas a este concello, e cinguíndose ao tema que se trata, que é evidente que eles non teñen coñecementos en cuestións xurídicas pero que desde a asesoría xurídica do BNG que lles informan que efectivamente é competencia do Pleno declarar se hai incompatibilidade ou non e que desde a dita asesoría entenden que si a hai que se debería declarar.

A voceira do PP insiste en que non teñen documentación suficiente para tomar unha decisión sobre o tema e que xa na Comisión lle recomendou á alcaldesa que completara o expediente antes de levalo ao pleno. Que na proposta fai mención a unha documentación que non viron e que nin sequera a menciona completa pois non coincide a proposta co informe que acaba de ler.

Que tampouco teñen moi claro o das renuncias. Que queren papeis. Que deberían facer as cousas ben e que se existe incompatibilidade que habrá que declarala pero que hai que acreditarla ben. Que non acaba de velo.

A Sra. alcaldesa di que, con respecto á documentación, que non teñen ningún problema en achegarlle a documentación dos procesos xudiciais.

A voceira popular di que xa a pediron na comisión informativa e a Sra. alcaldesa di que non que o que dixera fora que non estaba rematado o procedemento.



Para contestar ao que dixo o Partido Socialista e o Partido Popular tamén, di que ese informe fíxoo o avogado que está representado ao concello nos procesos xudiciais porque así llo pediron. Que dixeron que non ían pagar asesores e que o manteñen. Que unicamente pagan polos procesos xudiciais. Que na pasada lexislatura, o anterior letrado cobraba polos preitos contías moi elevadas como queda demostrado nas demandas. E ademais cobraba 2.500 euros mensuais, por asesorar.

Que o actual avogado só cobra por representar o concello nas demandas, segundo os baremos do Colexio de Avogados e por certo cunha rebaixa do 30%.

Refírese á intervención da voceira socialista dicindo que efectivamente “no es no” e que se contradixo dúas veces: que dixo que si, que o sabía e logo dixo que non e logo volveu a dicir que si.

Pregunta á voceira socialista se presentou ou non a renuncia. E manifesta que é evidente que entre tanta mentira e tanto barullo se acaba contradicindo continuamente.

Que en ningún momento a Alcaldía nin o grupo de goberno lle dixo á Sra. González que cobrara por eses procesos xudiciais. Que o que din é que estivo representado a unha persoa en contra dos intereses do concello. E que se non lle quere cobrar que o seu representante estará encantado pero que ao Concello non lle vai nin lle vén.

Con respecto ao que di a voceira socialista de que a Sra. alcaldesa non lle importan os cartos públicos, esta responde que a quen non lle importan é a ela, que non ten ningún reparo en representar a unha persoa que lle quer cobrar de máis. Que está demostrado polas sentenzas que rebaixaron as súas pretensións en cerca de seis mil euros. E que quedou moi claro que non van cobrar os procuradores porque non hai custos neste tipo de procesos.

Sobre que se columpiou le o papel que lle chegou á casa:

*“Trámite de audiencia*

*Expediente: 1115/2016. Iniciado por providencia da Alcaldía do 3 de outubro de 2016*

*Asunto: incompatibilidade concelleira*

*Destinatario: Da. Caridad González Cerviño*

*De acordo co establecido no art. 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pónselle de manifesto o expediente nº 1115/2016, a fin de que durante o prazo de 10 días poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.*

*A relación de documentos que forma parte do expediente, dos cales se lle achega copia, é a seguinte:*

*-Providencia da Alcaldía*

*-Relación de documentos xudiciais*

*-Informe de Secretaría*

*O expediente atópase á súa disposición na Secretaría deste concello, en horas de oficina.*

*Documento asinado dixitalmente na marxe pola Sra. alcaldesa Da. María Xosé Alfonso Torres”*

Continúa a súa intervención e di que ninguén lle di que se declara a incompatibilidade e que pode levar o escrito cando queira ao xulgado. (Contesta a Sra. González que mañán).

Dá paso á votación:

A favor: 5 votos (3 de CxG e 2 do BNG)

En contra: 4 do PSdeG-PSOE

Abstencións: 4 do PP

Acordo:

1º. Declarar a incompatibilidade da concelleira Da. Caridad González Cerviño, ao incumprir as súas actuacións o disposto no artigo 178,2,a) da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, ao actuar como procuradora de demandantes contra o Concello de Muros en numerosos procedementos xudiciais, situación acreditada coa documentación que se xunta ao presente acordo.

2º. Notificar o acordo plenario a Da. Caridad González Cerviño, que poderá optar, no prazo de dez días seguintes a aquel no que reciba a notificación da súa incompatibilidade, entre a renuncia á condición de concelleira ou o abandono da situación que dou orixe á referida

incompatibilidade, xustificando documentalmente ante o concello a realización dos trámites necesarios a tal efecto.

3º. Transcorrido o prazo reseñado no número anterior sen terse exercitado a opción e realizados os trámites pertinentes para o abandono efectivo da situación de incompatibilidade, entenderase que a afectada ten renunciado ao seu posto de concelleira, debendo declararse polo Pleno Corporativo a vacante correspondente e poñer o feito en coñecemento da Administración electoral aos efectos previstos nos arts. 182 e 208 da LOREX.

#### **4. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E OUTRAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA**

Explica a Sra. alcaldesa que esta ordenanza é a ordenanza do GES, e máis. Que é a modificación da ordenanza fiscal da taxa polo servizo de extinción de incendios e outras actuacións municipais de emerxencia.

Que se ten comentado moitas veces que é moi custoso para o Concello atender os gastos do GES, as retribucións salariais, xa que as achegas que fan a Xunta e a Deputación deixan o máis importante para que o pague o Concello con fondos propios, os salarios, e que hai que engadir que coa actual ordenanza o Concello non recupera todos os custos dos materiais que gastan os servizos de emerxencias nas súas actuacións.

Que entenden que é necesario e imprescindible a existencia do GES. Que ninguén dubida da valía e do servizo que están prestando, co cal teñen que ver a maneira de poder seguir facendo fronte aos seus gastos.

Di que aínda que a modificación da ordenanza non saia adiante que o GES vai seguir aínda que teñan que sacar cartos doutro lado.

Que hai unhas deficiencias no financiamento do GES e que hai pouca axuda por parte da Xunta e da Deputación e que lles parece necesario facer esta modificación.

Que os prezos se estableceron segundo as tarifas do Consorcio e vendo ordenanzas similares recentes doutros concellos e tendo en conta a proposta dos propios membros do GES.

A voceira do Partido Popular di que efectivamente a eles lles parece que a achega que o Concello fai é bastante custosa e que propuxeron, no seu día, solicitar á Deputación que asumira ese custo. Que non sabe se o equipo de goberno fixo algunha xestión en relación con ese acordo plenario.

Que puideron ler na prensa, o 15/10/2016, que o goberno de CxG ía modificar a ordenanza do GES para poder pasar os recibos das actuacións ás compañías de seguros no caso de que o sinistro estea cuberto por unha póliza e incluír o traballo dos profesionais e dos materiais empregados.

Di que a Sra. Alfonso sabe de sobra que as actuacións nas que intervén o GES xa se lle están facturando ás compañías de seguros cando as hai polo que iso non é verdade. Que o traballo dos profesionais, os vehículos e os desprazamentos xa están incluídos na ordenanza vixente. E que nesa ordenanza ten as tarifas actualizadas no ano 2014 co voto da Sra. Alfonso en contra.

Que establecen unha cota fixa por saída de 90 € calculada segundo o informe de intervención (que supón que foi o que utilizaron para calcular os custos pois non poden cobrar máis do que custa o servizo), de dous operarios, dúas horas e media, o que non lles vai impedir, segundo o que lle comentou na Comisión, facturar igual as dúas primeiras dúas hora e media de intervención. Que van cobrar por todo: polas mangueriras, pola espuma, pola embarcación, polas bombas, pola iluminación, e por riba deixan á discrecionalidade do equipo de goberno a decisión de facturar ou non os servizos. Que non saben se é que se lle van pasar as facturas a uns si e a outros non.

Que colleron un exemplo baseado nun feito real e nunha documentación que lle achegaron neste pleno:

O GES intervén nun sinistro no que ten que limpar a vía por un accidente de tráfico. A proposta de liquidación é de 570 €, que inclúe 3 axentes x 3 horas, un vehículo x 3 horas e 50 quilómetros de percorrido.

Esa mesma intervención, coa nova ordenanza, vai custar arredor de 960 €, porque a maiores van cobrar a saída, 90 €, a emisión do informe, 30 €, os axentes, 270 €, o absorbente, o dispersante, a manguera etc. Co cal están falando dun incremento dun 68% aproximadamente. Que iso para un accidente de tráfico e non se queren imaxinar o que será nun incendio nunha cociña ou nunha vivenda.

A voceira socialista di que todo o mundo sabe que o GES está en Muros polo labor do Partido Socialista. Que loitaron dabondo para conseguilo e foi un feito histórico sen ningunha dúbida. E que están orgullosos do labor do GES. Que os seus membros, aínda sen remuneración ningunha, estiveron facendo este tipo de labor incluso sen recibir ningún euro a cambio, sempre pendentes do teléfono incluso antes de que se constituíra.

Que no Grupo Socialista cren que Muros era merecedor dese GES e que era moi necesario porque estabamos e estamos lonxe de todos os lados.

Que por desgracia aínda temos unhas comunicacións moi defectuosas e tivemos a sorte de que, na distribución dos GES, se acordara que un deses grupos fose para Muros despois do labor que se fixo desde o grupo de goberno do Grupo Socialista de Muros. Que aí están eses rapaces traballando de xeito admirable e que lle consta que foron felicitados, tanto pola Xunta de Galicia como pola Deputación e polo Consorcio de Bombeiros.

Con respecto á subida das taxas, a Sra. alcaldesa tampouco estaba moi de acordo coa constitución do GES, que lle parecía moi caro e en todos os plenos estaba protestando porque o Concello non podía asumilo, non estaba de acordo coas taxas que aprobaran para axudar a asumir os gastos e que votou en contra. Que agora pide que votemos a favor doutra subida. Que non é máis que outra subida e que a ver se con iso lle paga ao avogado porque lle van embargar as contas, as dos veciños/as de Muros.

Que a Sra. alcaldesa pouco lle importa o que lle pasa á veciñanza de Muros e o exemplo claro e que o único que leva ao pleno é a subida de impostos, de xeito totalmente inconsciente e sen facer un só número. Que nin os fai ela nin o concelleiro de Facenda. Que o concelleiro de Facenda xa non os fai porque non está no Concello, que non sabe se lle mandan o soldo á casa ou o vén buscar, pero que se vén ao concello é a iso nada máis.

Que o mesmo lle pasa á interventora. Pregúntase como se calculou o aumento dese imposto e respondese que desde a casa porque a Sra. alcaldesa díxolles, cando lle preguntaron polo horario de Sra. interventora, que estaba na casa.

Que non saben de que xeito fixeron a proposta da subida, que seguramente de xeito caprichoso. Que seguramente dixo “vamos subir 90 euros”, porque puxo un exemplo da subida de 90 euros para unha limpeza dunha estrada.

Que a Sra. alcaldesa sabe canto vale un incendio dunha casa. Di a Sra. González que o que non sabe é se o pagou.

Que se tiveran as contas claras e souberan a que é debida a suba, e viran que era necesario, que desde o Grupo Socialista non tiñan ningún problema.

Que fai falta algo razoado, os números feitos pero non todo contrario: nin números, nin orzamento, nin saben onde vai quedar ese déficit nese orzamento.

Que o Grupo Socialista sen un orzamento aprobado non sabe por onde vai ir isto. Que está claro que vai polo río abaixo.

Que estamos en novembro e sen orzamento e que non se lle ocorre outra cousa, que de xeito caprichoso, gravar a veciñanza de Muros con máis impostos.

Adianta que o seu grupo vai votar en contra desa subida porque está sen xustificar e porque non saben cales son as carencias que se van solucionar con esta subida.

O Sr. García está de acordo coa Sra. ex alcaldesa, que o gran éxito do concello no seu mandato foi traer o GES para Muros, e que xa llo recoñeceron no seu día. Que probablemente fora o único éxito en catro anos. Que outra cuestión foi como se fixeron as contratacións, pero que o de traer o GES foi un acerto.

Que entenden que é necesario actualizar a ordenanza e equiparala a outras existentes noutros concellos. Que tamén deben de equipararse as condicións laborais. Que posiblemente se debería facer desde outras instancias pero que están de acordo coa actualización da ordenanza.

Que hai un informe dun funcionario público, que eles respectan moito, e que se teñen o seu visto e praxe, que entenden que se pode aceptar.

Antes da segunda rolda de intervencións a Sra. alcaldesa engade que outra das modificacións que se inclúe nesta ordenanza é recoller expresamente a posibilidade de bonificación e exención en casos de emerxencias de persoas ou familias con dificultades económicas. Que é algo que esixiran no Pleno cando se aprobou a anterior ordenanza. Que a anterior alcaldesa dixera que se ía recoller pero o certo é que non está recollida.

Que entenden que os impostos teñen que existir pero que teñen que ser xustos e que lle parece imprescindible que a ordenanza recolla a posibilidade de bonificación ou exención, no

caso de emerxencias, para esas persoas non teñan un seguro detrás e que estean nunha mala situación económica.

A Sra. Monteagudo di que ninguén está poñendo en cuestión a necesidade ou a satisfacción do traballo que fai o GES. Que están falando de cobrar unhas taxas á veciñanza (que estes días se está recibindo o recibo da contribución e que están todos contentos).

Que o que di a Sra. alcaldesa de que non existían as bonificación, que ten a ordenanza do 2014 diante e no artigo 4 di literalmente: *Gozaran de exencións subxectiva aqueles que teñan unhas rendas, calquera que sexa a súa natureza, iguais ou inferiores en cómputo anual ao salario mínimo interprofesional.*

Que a nova proposta di: *Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que obteñan ingresos anuais inferiores aos que correspondan ao salario mínimo interprofesional, sempre que os xustifiquen adecuadamente.*

Que non acaba de ver a diferenza e non sabe se a Sra. alcaldesa leu a ordenanza que está vixente.

A Sra. Gozález di que lles parece que está sen xustificar, que non hai datos suficientes de cales son os motivos polos que se modifica. Que sen orzamentos non saben en que se basea aínda que supón que non teñen un peso no Concello, que están todas as partidas esgotadas e que teñen un orzamento prorrogado desde hai dous anos.

Que iso non é suficiente, que é o produto de non traballar e non dedicar o tempo suficiente ao Concello e ademais de facilitaR a algúns dos funcionarios que fagan o mesmo porque o Sr. secretario vai todos os días ao Concello e non entende o porqué de que a interventora non faga o mesmo.

Diríxese ao Sr. García en relación ao que dixo sobre que lle recoñecera o logro de traer o GES pero que tiña algunha dúbida sobre se ela cometera algunha ilegalidade e dille que ten que recordarlle que está ocupando un posto de concelleiro cando ten unha condena firme e que ela de momento non ten ningunha imputación nin condena firme.

A Sra. alcaldesa advirte á Sra. González que se cinga á orde do día.

O Sr. García di que non vai entrar a valorar mentiras. Dille á Sra. González que lle recoñece outro éxito: a dotación de herba artificial ao campo de fútbol de Louro.

Con respecto ao punto da orde do día, di que non ten máis que engadir.

A Sra. alcaldesa explica que os prezos están establecidos despois de facer un traballo vendo as tarifas do Consorcio, vendo ordenanzas recennes doutros concellos con GES, vendo a proposta dos propios membros do GES e vendo o traballo de intervención, que si fixo contas queira ou non queira recoñecelo a concelleira Caridad González Cerviño.

Que lles parece importante e imprescindible que o GES siga existindo e que se non lles parecera necesaria a modificación da ordenanza non levarían o asunto ao Pleno.

Votación:

A favor: 5 (3 de CxG e 2 do BNG)

En contra: 8 (4 do PP e 4 do PSdeG-PSOE)

Acordo:

Rexéitase a proposta de modificación da Ordenanza fiscal da taxa polo servizo de extinción de incendios e outras actuacións municipais de emerxencia.

## **5. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

A Sra. alcaldesa explica que o motivo de modificar esta ordenanza foi establecer a posibilidade de exención para aquelas persoas que están cobrando unha prestación por minusvalía.

Que na comisión informativa comentaran que xa estaba recollido pero na ordenanza anterior non está recollida ningunha exención pero si a recolle o artigo 93 da Lei reguladora de facendas locais, pero non inclúe todos os casos.

Que a Deputación está denegándoa nalgúns casos debido á interpretación que fai do artigo 93 desta lei e que por iso lles parecía importante que a ordenanza recollera todos os casos.

Que tamén establecen unha pequena subida pola que se equipara o imposto co que se cobra no Concello de Carnota. Que aínda así sería en Carnota e Muros os concellos nos que menos se paga de toda a comarca.

Que a subida é do 0,8%. Que a ordenanza contén dúas modificacións: a subida e a posibilidade de exención en todos os casos de persoas que teñen unha pequena prestación por minusvalía e non só naqueles que teñen o certificado da Xunta como está pasando ata o de agora.

A Sra. Monteagudo di que tamén neste caso se enteraron pola prensa que se ía modificar a ordenanza para incluír bonificacións dirixidas a persoas con discapacidade. Que esa era a excusa. E que non é verdade porque o recolle a Lei de facendas locais.

Le o artigo 93 da Lei de facendas locais: *“Los vehículos para personas de movilidad reducida a que se refiere el apartado A del anexo II del Reglamento General de Vehículos, aprobado por el Real Decreto 2822/1998, de 23 de diciembre.*

*Asimismo, están exentos los vehículos matriculados a nombre de minusválidos para su uso exclusivo. Esta exención se aplicará en tanto se mantengan dichas circunstancias”*

A proposta do grupo de goberno di: a) *Os supostos que se recollen no artigo 93 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, b) Os vehículos de persoas con mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2522/1998 de 23 de decembro. Así mesmo estarán exentos os vehículos matriculados a nome de discapacitados para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias”.*

Que o que si contempla a lei é que para que se dean bonificacións teñen que estar na ordenanza, que as exencións son legais e non hai porque recollelas na ordenanza. Que o que si hai que recoller son as bonificacións e que si hai unha novidade pois di que se contempla un 50% durante os primeiros catro anos para os vehículos novos que sexan híbridos, eléctricos ou clasificados de consumo A. Que xa postos puideron chegar ao 75% que é o máximo que contempla a lei.

Que o que non dixo a Sra. alcaldesa é que vai subir a taxa un 8%. Un coeficiente dun 0,8 cando o máximo permitido pola lei é un 2. E que di que é para igualalos con Concello de Carnota que é o que ten a tarifa máis baixa.

Continúa e di que a tarifa máis baixa que a temos nós e non temos que igualarnos con ninguén por arriba. Que se quere igualarse ben podía facelo con outras cousas, como co salario que cobra o alcalde do Concello de Carnota.

Que non dá crédito a que as propostas que fan os gobernos progresistas sexan subir os impostos, neste momento tan oportuno cando están chegando todos os recibos da contribución e subírllo aos que non poden comprar un vehículo de última xeración.

A Sra. González di que o seu grupo vai utilizar o mesmo argumento que no punto anterior. Que non entenden por que se lle ocorre agora subir impostos e menos o de *rodadura* porque lle afecta a todo o mundo e que non é o momento de subir o 8%.

Que ao Grupo Socialista as taxas que paga a xente de Carnota si lle importan pero non lle importan tanto como as que paga a xente de Muros.

Que se quere poñerse á altura do que goberna o alcalde de Carnota que non prexudique os veciños/as de Muros. Que como ben lle di a concelleira do PP por que non iguala o soldo.

Adianta que van votar en contra desa subida camuflada cunha bonificación para as persoas discapacitadas.

Dille á Sra. alcaldesa que ten que aprobar o orzamento, que os concellos funcionan en base a uns orzamentos, non a caprichos nin a subidas e baixadas de intereses.

Comenta que a Sra. alcaldesa alardea de que non ten asesor xurídico e que así lle vai porque ten varias imputacións e varios problemas.

Que o Partido Socialista saíu do goberno do concello para a oposición pola porta grande e sen unha soa denuncia.

O Sr. García di que eles non van entrar na demagogia como “a gran coalición”, que van por diante do resto porque están comprobando como PP e PSOE se poden entender perfectamente. Que non sabe se lle agrada ou lle asusta.

Que eles van seguir dando exemplo de que desde a oposición as cousas hai que facelas con coherencia e responsabilidade e que entenden que esta ao igual que a anterior e moitas outras ordenanzas merecen actualizarse. Que a gran subida do 8% vai supoñer unha subida en cada recibo de un ou dous euros.

Que tamén entenden que máis necesario que isto e algo que urxe é aprobar uns orzamentos. Que unha cousa non quita a outra. Que precisamos uns orzamentos, xa. Que teñen que ser

debatidos, consensuados e nos que estean a maioría da corporación de acordo ou cuns mínimos acordos.

Que con iso se traballe e se deixe de improvisar. Que xa se improvisou nos últimos catro anos e estamos herdando todo o malo do anterior goberno e pouco do bo, se quedaba algo.

Que entenden que os tempos non chegan e a día 31 de decembro van ter outros orzamentos prorrogados un ano máis, o que lles preocupa profundamente.

En relación á ordenanza, que entenden que debe actualizarse igual que a anterior e que esperan que se revisen máis.

A Sra. Monteagudo di que como di o voceiro do BNG, que isto é empezar a casa polo tellado, que non hai xustificación para subir o IVTM, que lles parece o momento menos oportuno. Que se están poñendo excusas para subir o imposto. Que sube poucos euros no caso de turismos de categoría inferior pero turismos de 8 cabalos fiscais non coñece ningún e que nos demais a subidas son importantes.

Que lle parece que está utilizando o mesmo argumento que se utilizara coa subida do IBI (para o particular é pouco diñeiro pero para o Concello supón moito).

Di que instan ao goberno a que fagan os orzamentos que é onde se verán as necesidades de financiamento do Concello.

Que non vai contar co apoio do Grupo Popular nesa subida indiscriminada.

A voceira socialista reitera que van votar en contra pois para eles non ten nin pés nin cabeza, aínda que si os ten para o representante do BNG. Que parece mentira que di que ve “unha gran coalición” cando o único que fixo foi apoiar as propostas do goberno sen ningún sentido e a cambio de nada porque ben saben que o goberno non quere saber nada do BNG e que ata hai dous días estaban gobernando cos seus votos. Que igual é por iso que ten esa afinidade con este grupo de goberno e que agora mesmo por outras cousas máis.

Que a eles/as non lles chega con iso. Que o que lles interesa e o futuro dos veciños e veciñas de Muros. Que ter que saír do Pleno e dicirlle que foron votar que lle subiran os impostos. Que cando non queda máis remedio pois ten que ser pero neste caso que non temos un plan de axuste, que non temos un orzamento que cadrar e que non temos os número feitos que non lles parece doado chegar á porta e dicirlle aos veciños/as que lles van mandar subido o imposto de circulación.

O voceiro do BNG di que non tiña pensado intervir pero que por alusións aclara que a voceira socialista di que o goberno está gobernando cos votos do BNG pero que non, que o fan cos votos do Partido Socialista pois eles non votaron a favor desta alcaldesa. Que foron eles en contra da militancia socialista. Dille tamén que non pretendan dar leccións de nada porque para asemblearismo o BNG.

A Sra. alcaldesa di que si hai unha subida, pero pequena, e que si é necesario recoller esa bonificación. Que o artigo que recolle esas bonificacións está collido da ordenanza de Vimianzo, que foi a que a Deputación lle recomendou ver.

Votación:

A favor: 5 votos (3 de CxG e 2 do BNG)

En contra: 8 votos (4 do PP e 4 do PSdeG-PSOE)

Acordo:

Rexéitase a modificación proposta da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica.

## **6. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES**

A voceira do Partido Popular di que traen unha emenda e entrega unha copia.

A Sra. alcaldesa di que a proposta que trae o goberno sobre o IBI é baixar do actual 0,6%, na urbana, ao 0,5%, e na rústica do 0,6% ao 0,3%.

Que a emenda que propón o Partido Popular é baixar a urbana ao 0,4% e a rústica ao 0,3%, tala e como se acordou nun acordo do Pleno e tal e como levan pedindo moitos concelleiros.

Explica o porqué de non aceptar a emenda, polo que se vai debater e votar a proposta do goberno, e expón que levan moito tempo intentando baixalo ao 0,4% pero non é posible legalmente porque o impide o plan de axuste.

Que nada lles gustaría máis despois de que chegaran a ir ao xulgado para poder debatelo no Pleno.

Continúa explicando que no plan de axuste aparece co 0,5% e que segue vixente a día de hoxe, aínda que un secretario anterior o dera por rematado. Que se consultou ao Ministerio e o Plan de axuste non está rematado.

Que o anterior goberno se esqueceu de incluír na memoria do Plan de axuste que o incremento dos impostos era debido o decreto que todos coñecemos como o dos recortes. Que por esquecer esa explicación o incremento queda vixente durante a vixencia do Plan de axuste.

Recorda que o anterior goberno non lle chegou a suba do 0,5% e levou ao Pleno unha subida ao 0,6%, tanto en urbana como en rústica. E que foi posible grazas ao Partido Popular.

Que propoñen a baixada o IBI todo o que é posible despois de consultar a todos os organismos que podían ter algo que dicir.

Que no momento que se cumpran varios requisitos do Plan de axuste, que se poderá baixar ao 0,4%.

Que estes requisitos están a punto de cumprilos e que grazas ao recoñecemento extraxudicial de crédito aprobado hoxe que están máis preto, xa que un dos problemas é o promedio de pago a provedores

A Sra. Monteagudo di que os Plans de axuste se poden modificar e que a Sra. alcaldesa non debe de sabelo.

Que a proposta é unha boa mostra do pouco respecto que ten o goberno de CxG polas institucións e se “pasan polo forro” os acordos plenarios tanto de novembro pasado (que eles votaron a favor) como o de abril, no que se acordou, tamén co voto a favor do equipo de goberno, establecer unha serie de bonificacións.

Que o informe de Intervención fala dunha limitación, a aprobación do Plan de axuste que establece un incremento dun 25% do tipo impositivo do IBI urbano que o eleva ao 0,5% e que lle serve de escusa a este goberno para non baixar o IBI ao 0,4%.

Que preguntaron na Comisión se o Plan de axuste era de obrigado cumprimento e dixo que si pero estase incumprindo. Pregunta por qué se cumpre só no que prexudica a veciñanza.

Que ela tamén ten ese informe de Facenda e o que di literalmente: “*Los planes de ajuste y los presupuestos generales deben tender a la consecución de los objetivos en dichos planes así como incluir medidas idénticas o de efecto financiero equivalentes a las previstas en los mismos*”. Que é o mesmo que di o informe de intervención, que non di que non se poidan baixar senón que os orzamentos deben ser coherente con eles.

Pregunta á Sra. alcaldesa que se tiña tanto interese en modificar o IBI por qué non modificou o Plan de axuste con tempo.

Que a primeira vez que propuxo a baixada do IBI, de xeito gradual, era un momento no que sabía que non daba tempo a que entrara en vigor para o exercicio e agora espera de novo a final de ano para facer unha proposta dicindo que o Plan de axuste di o 0,5% e que tamén di moitas outras cousas que non cumpren. E que non entende porque hai que respectalo estritamente no que prexudica a veciñanza.

Que entenden que o Plan de axuste ao que obriga é a que os orzamentos anuais que se aproben durante o período de vixencia deste, 2012-2022, período de amortización previsto para o pago do crédito a provedores, teñen que ser consistentes e coherentes cos orzamentos. Pero que hai que facelos, que hai que sentarse e traballar.

Que tamén pensan que co informe que eles pediron que solicitara do catastro e que lles entregou no último Pleno e coas medidas de aforro que se propuxeron poderíase perfectamente conseguir esa consistencia entre o Plan de axuste e os orzamentos pero que hai que facer números, hai que sentarse, hai que traballar.

Que esta proposta é aínda máis cutre que a da outra vez e recorda que o BNG lle dixera en relación á proposta que presentara o PP que tiña que haber informes e argumentala, ao que lle contestara que os informes os tiñan que facer os funcionarios municipais.

Que pidiran na proposta de novembro que se incluíra unha bonificación para familias numerosas e para vivendas que contaran cun sistema de aproveitamento de enerxía solar e que pidiran tamén que se elaborara un informe de Intervención para que se valorara o impacto que estas bonificacións ían ter no recadado. Proposta que tamén fora aprobada cos seus votos.

Que presenta no Pleno unha proposta na que se modifica o tipo sen máis. Que non entende ese xeito de traballar.

A Sra. González di que non sabe por onde empezar porque ten que volver a dicir que non temos orzamento e que por iso non se pode tocar o Plan de axuste.

Que a Sra. alcaldesa empezou dicindo que tivera que ir ao xulgado para poder debater e que era unha ilegalidade o que pretendían.

Que resulta que cando estiveron na oposición andaron polas tabernas facendo conferencias sobre o IBI.

Que naquel momento cando querían baixar o IBI ao 0,3 ou ao 0,2 xa estaba aprobado o Plan de axuste cos seus votos (que cre que nese momento estaban no grupo dos Non adscritos).

Que na comisión informativa dixo a Sra. alcaldesa que era ilegal baixalo ao 0,4, pero que xa era ilegal antes, cando o Grupo Socialista non o baixara era porque era ilegal.

Que andou polas tabernas dicíndolle á xente que non se baixaba por culpa do Grupo Socialista.

Que di que antes non o sabía e que lle presentaron uns dez informes (do secretario, do asesor xurídico, da Deputación, dun economista etc.).

Que agora que chegou e dixo que ía baixar o IBI e que se deu contra unha parede e que falara de máis.

Que pretende baixar o IBI pero subir o IVTM.

Que a última vez presentou a proposta fóra de prazo e que agora preséntaa sen ningún sentido, sen orzamento, sen unha comparativa e sen nada de nada. Escudándose en que a xente máis necesitada llo vai agradecer porque o que lle gusta a ela é dar pena.

Que foron ao xulgado porque querían debater, pero que querían debater unha ilegalidade.

Que o Plan de axuste di moitas cousas, entre elas que non se podían modificar os soldos e que a Sra. alcaldesa modificou o seu e o dos dous concelleiros.

Que o orzamento aprobado polo Grupo socialista tiña números e que modificaron os soldos sen modificar o orzamento e sen modificar o plan de axuste e que agora, ao ser unha materia pendente porque andou polas tabernas dicindo que ía baixar o IBI, que propón unha baixada do 0,1.

Que non lles parece mal que baixe o IBI pero o que si lles parece mal é a repercusión que vai ter nos ingresos do Concello porque non hai previsión de orzamento nin de grandes ingresos ao non ser que a Sra. alcaldesa saiba que a Muros lle vai tocar a lotería.

Que vai conseguir unha baixada dos ingresos a cambio de non beneficiar a veciñanza xa que pretende baixar por un lado o 0,1 e por outro subir o 8%.

O Sr. García di que son unha organización laica polo que lles costa bastante facer actos de fe.

Que cando o Partido Popular presentou unha moción que contemplaba unha baixada do 0,4 lles parecía que o golpe nas arcas municipais ía ser inasumible.

Que están de acordo en que hai que recuperar o 0,4 e o 0,3, pero que hai que facelo de xeito máis claro e non ter que facer actos de fe.

Que levaban no programa do BNG recuperar o 0,4, polo que farán o posible para que neste mandato se consiga.

Que sen ter os orzamentos diante, que entenden que nada ten que ver coa subida doutros impostos, como o IVTM, que son moito máis baixos, que a subida o IBI foi un golpe moi duro para as familias que xa andaban xustas.

Que entenden que é urxente que se reduza canto antes e anuncia que, facendo un acto de fe, van apoiar esta baixada.

A Sra. Monteagudo di que o voceiro do BNG xa fixo hoxe máis dun acto de fe.

Le un informe de Intervención que está no orzamento do ano 2014: "Realidade final: cos datos expostos o Concello de Muros aprobou un Plan de axuste (cos votos a favor da Sra. alcaldesa) de 600.193,46 € de repercusión anual, que unha vez executado estrictamente supera con amplitude as necesidades de financiamento do préstamo de 979.559,85 €, que se cifran nun máximo previsto de 174.963,80 € de carga financeira no ano 2015. Bastaría o incremento do IBI aprobado polo Real decreto lei 20/2011 para sufragar a operación, xa que a estimación de maiores ingresos cubriría 174,963,80 €" dunha baixada aínda que sexa dun punto, pero insiste en que se pode modificar o Plan de axuste, optimizar os recursos. Insiste en que refagan o orzamento.

A Sra. alcaldesa diríxese á Sra. González para dicirlle que non se pode comparar o 1% de cantidades como 30.000,00 €, de base imponible, con un 8% dunha base de uns 72 €.



Refírese ao dito pola voceira Popular dicindo que efectivamente se pode modificar o Plan de axuste pero que hai que cumprir máis requisitos, como cumprir un mínimo no prazo de pago medio a provedores, e que se se aprobara o recoñecemento extraxudicial no Pleno de outubro que estarían moito máis preto de poder baixar o IBI oa 0,4%. Que si se cumpre o requisito de compensar a baixada o IBI con outras medidas, como a modificación do catastro da base imponible, e que tamén hai outras medidas de aforro que compensan.

Con respecto a que se aprobou o Plan de axuste cos seus votos, que é verdade pero que puxeron unhas condicións que a Sra. González aceptara pero que logo non cumpriu.

Que a proposta de aforro que se acordou na única xunta de voceiros que houbo durante o mandato da Sra. González, no relativo o IBI, di: "incremento impositivo do IBI urbano do 0,4 ao 0,5. Recadación 2011: 733.925,08 € Recadación 2012: 917.406,35€. Un incremento de 183.481,27 €". E que dicía: "a maior recadación responde a un incremento do 25% do tipo impositivo do IBI de urbana, aprobado polo Goberno do Estado". Que era unha das medidas que eles dixeran. Que se empezara cumprindo o decreto do Goberno, que non quedaba máis remedio.

Que o plan de axuste non pon que a subida é polo "*decreto de Rajoy*", e así queda de xeito permanente. E que nin sequera lle chegou esa subida, senón que o subiu ao 0,6%. E que se tivera consideración coa veciñanza que polo menos o baixaría o 0,5.

Votación:

A favor: 5 votos (3 de CxG e 2 do BNG)

Abstencións: 8 (4 do PP e 4 do PSdeG-PSOE)

Acordo:

Primeiro. Apróbase inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de ben inmobles (IBI).

A modificación consistirá na modificación da cota tributaria, artigo 8 que quedaría como segue:

"O tipo de gravame será:

- imposto sobre ben inmobles:

IBI de natureza urbana. Tipo impositivo: 0,50%

- imposto dobre bens inmobles de natureza rústica

IBI de natureza rústica. Tipo impositivo: 0,30%

Coefficiente para a obtención do valor base usado para a redución da base imponible aplicable ás construcións situadas en solo rústico: 0,7

-Imposto sobre bens inmobles de características especiais.

IBI inmobles especiais. Tipo impositivo: 1,30%

Segundo. Expoñer ao público este acordo nos lugares sinalados no artigo 17 do TRLHL por un prazo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro. No caso de que no período de exposición pública non se presentasen reclamacións, o que se acreditará por certificación do secretario, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, publicándose seguidamente no BOP en unión do texto íntegro modificado da respectiva ordenanza municipal.

Cuarto. Que prosigan os demais trámites do expediente.

## **7. MOCIÓN DO BNG SOBRE HOMENAXEAR A XOSÉ MANUEL OLVEIRA "PICO" POÑÉNDOLLE O SEU NOME A UNHA DAS RÚAS DA PARROQUIA DE ESTEIRO**

A Sra. alcaldesa explica que este punto, a petición do BNG, retírase da orde do día.

## **8. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO 3º TRIMESTRE DE 2016**

Dáse conta do informe de morosidade do 3º trimestre de 2016.

## **9. RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Dáse conta dos decretos da alcaldía do mes de setembro, núm. 598 ao 798, e das Xuntas de Goberno Local núm. 27, do 01/09/2016; 28, do 06/09/2016; 29, do 16/09/2016; 30, do 23/09/2016, e 31, do 30/09/2016.

## **B Parte de control dos órganos de goberno**

### **10. MOCIÓNS DE URXENCIA**

O Grupo Popular presenta a seguinte moción:

“A voceira do Grupo Municipal Popular do Concello de Muros, Inés Monteagudo Romero, en nome propio e no do Grupo do PP, presenta ao Pleno, por urxencia, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A semana pasada varios pais de alumnos da EEI San Xosé de Muros puxéronse en contacto connosco para trasladarnos a problemática existente no areeiro do patio do centro. O areeiro é utilizado como “váter” polos gatos da colonia de San Xosé principalmente, o que está ocasionando problemas de hixiene e incluso de saúde nos alumnos do citado centro, que recordemos, acolle a nenos de 3 a 6 anos.

É frecuente a presenza de excrementos, vómitos e mexadas no areeiro do colexio, o que ocasionou xa bastantes problemas, aos que dende o Concello, como responsable deste tipo de cuestións, se debe poñer solución.

Tamén a zona da Escola de Música e da rúa San Xosé aparece a miúdo chea de excrementos e con mal olor.

É tal a situación que de feito o patio está clausurado, e os nenos non o utilizan pola presenza constante de excrementos e outros residuos, coa conseguinte merma da calidade do tempo de recreo. De aí a urxencia na adopción deste acordo.

Dada a polémica e preocupación que este tema está causando nos pais e profesores do citado centro, así como nos usuarios da Escola de Música e veciños/as de San Xosé, propoñemos ao Pleno de Muros a adopción dos seguintes acordos:

- Que o Concello de Muros adopte as medidas necesarias para evitar esta situación, ben a través da instalación de barreiras físicas, esporeamento de repelente nas inmediacións do centro (garantindo a inocuidade destes produtos para os humanos), traslado da colonia, ou chegado o caso, a retirada do areeiro con colocación de pavimento acorde co resto do patio. Que se adopte tamén algunha solución para o exterior da Escola de Música e arredores.
- Que se proceda á limpeza e desinfección do patio da escola e arredores, e do exterior da Escola de Música.
- Que dita actuación se faga de xeito inmediato, de tal forma que os nenos poidan desfrutar das instalacións do centro en condicións de hixiene e salubridade adecuadas”.

Di a voceira popular que son conscientes de que algunha destas medidas xa se está executando pero que lles gustaría que se tomara algunha máis.

En canto á urxencia di que lle parece evidente.

A voceira socialista di que tiveron coñecemento do problema esta semana e que si lles parece urxente pero que non saben se era necesario presentar esta moción pois lles contaron que o problema xa está solucionado. Que despois de falar co goberno que acordaran a retirada da caseta.

Que ao que non dan crédito é a que se puxera unha colonia de gatos ao lado dun colexio de nenos de 3 anos.

O Sra. García di que entenden que é un tema bastante preocupante. Que non é de agora pero que foi a máis. Polo menos que foi a máis a percepción dos pais e que deben debater con urxencia. Aínda que hai cousas que non se están entendendo ben por parte da sociedade nin dos grupos municipais.

Que lle gustaría debater a moción e incluso facer algunha modificación. Que ninguén puxo alí unha colonia de gatos. Que son gatos da rúa e levan alí toda a vida. Que o tema da caseta poden debatelo despois na moción.

A Sra. alcaldesa di que o tema é serio e urxente. Que algunha das medidas xa están adoptadas. Que se retirou a area do areeiro, desinfectouse a zona, retirouse a caseta e que se acordou nunha reunión, cos colectivos afectados, algunha medida máis.

Que polo dito non lle parece urxente pero que igual é bo debatela para aclarar algunhas cousas.

A voceira popular di que non falan de sacar a caseta se non de trasladar a colonia, que lles parece a orixe do problema. Que comprobou que se retirara a area e se desinfectara, pero que non é suficiente.

Que o centro necesita máis seguridade desde hai moito tempo. Que non cre que se deba mesturar *Anajata* cos pais porque non é un problema dos pais con *Anajata*. Que é un problema de perigo, de inseguridade que hai no recinto escolar e que o Concello ten a competencia para solucionalo.

Que están convencidos de que hai que pechar o recinto.

Votación da urxencia: apróbase por unanimidade.

No debate da moción a Sra. Monteagudo insiste en que non falan na moción nin da asociación nin da caseta. Que falan do problema orixinado por unha colonia de gatos, que se foi incrementando ao longo do tempo, que os residuos (non só dos gatos) cada día son máis.

Que está producindo unha situación de risco para os rapaces e unha situación de preocupación para os pais e para os profesores.

Insiste en que hai que pechar o recinto. Que están todos pechados e non entenden por qué este non.

A Sra. González di que non se trata de buscar culpables senón de solucionar o problema, que lles parece moi serio. Que hai que tomar as medidas que demandan os membro da ANPA e os profesores.

Que están de acordo coas medidas que dixeron que se ían tomar e que se faga canto antes, aínda que non saben exactamente cales son.

Que, se como di a Sra. alcaldesa, xa chegaron a un acordo, que se executen as medidas canto antes.

O Sr. García di que é evidente que todos están de acordo en que hai un problema pero que lles gustaría tratar o tema coa maior exactitude posible.

Que no primeiro parágrafo da moción di que o "areeiro é utilizado como "váter" polos gatos da colonia de San Xosé". Que os gatos que van alí non son todos desa colonia, que hai dúas. Que a caseta non é para reducir a colonia e a medio prazo facela desaparecer, con medidas como a de controlar a súa reprodución.

Que os gatos que van ao areeiro do colexio son, na súa maioría, os que non están atendidos por *Anajata* e que comen nos colectores que hai ao lado do cemiterio vello.

Explica que a dita asociación ten cuidadoras que coñecen os gatos que están na colonia e que os distinguen perfectamente.

Que no punto 1 solicitan tamén o traslado da colonia que só se poderá facer por medio dunha empresa.

Que eles o que piden é o control das colonias e a súa redución. Que por iso desde *Anajata* (aclarar que a asociación non ten nada que ver co BNG aínda que algúns membros forman parte da dela) se pretende o control.

Que lles parece unha mágoa que se suprima a caseta. E que a preocupación que a dita caseta xera nas nais é infundada. Que entenden que hai que retirala para evitar esa preocupación pero que o perigo non ven por aí.

Que o que lles parece máis perigoso é que nunha zona infantil haxa un patio con area.

Que entenden que a maioría das cousas están feitas e que lles gustaría engadir que onde pon: "garantindo a inocuidade destes produtos para os humanos, poñer tamén para os animais".

Que lles parece a medida adecuada dificultar o acceso tanto a animais como a humanos/as. Porque o problema non cren que sexa a existencia de gatos se non que non está ben cercado o colexio e o patio deste.

A Sra. Alfonso di que con toda a xente coa que falou do tema recoñecen que colonias de gatos hainas desde hai moito tempo. E que a caseta se instalou para intentar resolver o problema pero non resultou porque hai persoas que non deixaron de darlle de comer de xeito

incontrolado e que hai outro colectivo, que descoñecen, que fixo imposible que os gatos se asentaran na caseta.

Que tiveron unha reunión con todos os colectivos e tamén con *Anajata* porque está sendo o centro de todas as críticas. Quen nela acordáronse varias medias das que algunhas xa se tomaron (retirada da area e da caseta).

Que outras medidas para a redución da colonia son a acollida de gatos por familias e continuar coa esterilización.

Sobre o valado do centro, que quedaron en falar co técnico da oficina de rehabilitación para ver como se podía facer. Que non é imposible pero ten que ser segundo o Plan especial.

Que tamén se acordou intensificar a vixilancia e incluso sancionar as persoas que insistan en darlle de comer aos gatos de xeito descontrolado.

Á pregunta da Sra. Monteagudo, a Sra. alcaldesa contesta que se está traballando na construción do peche.

A Sra. Montagudo di que non teñen problema en modificar a moción no sentido que manifestou o voceiro do BNG e incluír a colonia de San Xosé, a que está preto do cemiterio. Que tampouco teñen problema en incluír a inocuidade dos produtos para os humanos e os animais.

Que a súa proposta primeira e a inclusión de barreiras físicas e as outras q son alternativas ou posibilidades. E que insisten no peche.

Que o seu obxectivo é a saúde dos/as nosos/as fillos/as e a tranquilidade dos pais e das nais.

Que non entran a valorar o labor da asociación *Anajata*, que o que teñen que resolver é o problema sanitario.

O Sr. García pide que se inclúa como último punto da moción "financiar a esterización das colonias máis próximas ao colexio. E darlle prioridade".

Comenta a Sra. Monteagudo que prioritario é o peche e o Sr. García di que aínda que se peche os gatos poden entrar igual.

En canto ao traslado das colonias, o Sr. García di que se marchan uns van ir outros. Que reducir, e non exterminar, é a solución.

A Sra. alcaldesa pregunta ao Grupo Popular se acepta a inclusión do punto que propón o BNG e a súa voceira di que si.

Votación: unanimidade.

Acordo:

Apróbase a moción presentada polo Grupo Popular coa inclusión do punto que propón o BNG.

- Que o Concello de Muros adopte as medidas necesarias para evitar esta situación, ben a través da instalación de barreiras físicas, esparexemento de repelente nas inmediacións do centro (garantindo a inocuidade destes produtos para os humanos), traslado da colonia, ou chegado o caso, a retirada do areeiro con colocación de pavimento acorde co resto do patio. Que se adopte tamén algunha solución para o exterior da Escola de Música e arredores.
- Que se proceda á limpeza e desinfección do patio da escola e arredores, e do exterior da Escola de Música.
- Que dita actuación se faga de xeito inmediato, de tal forma que os nenos poidan desfrutar das instalacións do centro en condicións de hixiene e salubridade adecuadas.
- Que o Concello financie a esterilización das colonias próximas ao colexio de San Xosé.

## 11. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas do Grupo Popular:

- En relación ao informe de morosidade no que se indica que o período medio é de 54,98 días, o dobre do período legal, pregunta se teñen pensado adoptar algunha medida máis que levar ao Pleno recoñecementos extraxudiciais de créditos.

-Cantas axudas ao transporte se concederon e cal é o importe máximo autorizado.

-Por que non se informa ao Pleno da resolución da aprobación da liquidación do orzamento do 2015 e se era ese o documento que tiña que ir no pasado Pleno e polo que eles preguntaron.

-Cales son os investimentos que se tiveron en conta para elaborar as liñas fundamentais do orzamento 2017 que se enviaron ao Ministerio de Facenda e que ascende a 1.194.578,77 €

- A que corresponde a factura de PAMS SARL, por importe de 3.595,70 €, que está na relación de facturas F/40, folia 4, e que está en francés a descrición.

-Por que se inclúe unha resolución de anulación de resolucións e non se inclúen todas as resolucións anuladas e se son todas de resolución de incremento do valor de terreos de natureza urbana.

-Que supoñen que teñen todo listo para aboar as subvencións nominativas. Que comentaran que unha delas xa estaba pagada pero os beneficiarios non recibiron os cartos.

-Que o curso pasado se impartiu o primeiro grao de "lingua de signos" cun resultado moi satisfactorio e preguntan se teñen pensado impartir o segundo grao este curso e cando se vai iniciar.

-Que pasa co Plan de dinamización da zona histórica. Se se está reunindo, de xeito unilateral, cos afectados, deixando de lado, unha vez máis, os acordos do Pleno.

- Se se poden poñer unhas papeleiras no parque de Baño.

-Que lles indican que teñen solicitada a construción dunha rampla nas "casas baratas" e preguntan se teñen pensado poñela.

-Que a obra que se está facendo na estrada de Torea deixa ao aire as raíces de eucaliptos e pinos polo que poden caer á estrada cando cheguen os temporais. Pregunta se teñen coñecemento e se intentaron solucionar.

-Roga que se poden as pólas dos castiñeiros da Ribeira de Creo.

-Que ao lado da caseta de bombeo de Esteiro se está levantado o pavimento. Pregunta o porqué e se ten que ver coas inundacións dos baixos do Aгриño.

- Por qué non levaron ao Pleno a proposta de utilización da vivenda do conserxe do colexio de Esteiro.

A Sra. alcaldesa di que hai algunha cuestión que non pode contestar agora sobre cuestións económicas e que lle pasa os datos a intervención e que o luns lle envían a información toda.

Sobre a factura de PAMS SARL ,o concelleiro de Medio Ambiente di que é do limpa areas das praias. E á pregunta de se vén de Francia, di que si, que é unha marca francesa.

Sobre os investimentos das liñas fundamentais do orzamento, o concelleiro de Facenda di que se fixo a mesma estimación que para os do 2015 e 2016. Que é unha estimación.

Con respecto ás medidas para reducir o prazo de pago a provedores, a Sra. alcaldesa di que xa se están adoptando.

O Sr. Uhía di que entre as medidas está o uso de *Gestiona* e que se variou o método de intervención, o protocolo de traballo interno.

Con respecto á liquidación do orzamento, que vai preguntar en Intervención, e igual coa resolución de anulación de decretos.

Que as subvencións nominativas non están aboadas aínda porque a modificación ten o mesmo trámite que o orzamento, un período de exposición pública que non rematou.

En canto a que dixeran que xa estaba aboada ou estaba nunha fase distinta da tramitación, o Sr. Uhía di que o mira.

Sobre os graos da lingua de signos estaba mirando o tema a normalizadora que agora está de baixa por maternidade e non sabe se está entre as tarefas que ten encomendadas a persoa que a substitúe.

Sobre a rampla das casas baratas di que si se vai facer e explica as solucións que estiveron vendo coa brigada de obras e que ían empezar a facela, pero que hai propietarios que non están de acordo e están procurando o consenso cos propietarios de onde situala. Que tamén quere ter un orzamento dunha rampla metálica para valorar todas as posibilidades, antes de reunirse cos afectados.

Sobre o Plan de dinamización, que tivo dúas reunións cunha asociación creada recentemente de comerciantes da zona histórica a petición desta. Que lle fixeron varias propostas que están valorando.

Que é certo que falta por convocar a Comisión e que o farán en canto teñan tempo.

En relación á obra de Torea, que non se dera conta que quedaban raíces de árbores ao aire e que o mirarán.

Sobre as pólas dos castiñeiros da Ribeira de Creo, que xa se lle requirira ao propietario pero que haberá que volver a requiririllo.

O Sr. Quintela explica, sobre o pavimento da caseta de Esteiro, que hai unha chapa alí porque se volveu fixar a tapa do pozo de rexistro que hai nese punto pois estaba o formigón do borde roto. E di que non ten nada que ver coa inundación do baixo.

A Sra. alcaldesa di que en canto ás inundacións, que están mirando cal é a mellor solución. Que en varios ocasión solicitaron unha reunión en Augas para tratar de temas de saneamento.

Sobre a utilización pola ANPA da casa do conserxe do colexio de Esteiro, que está pendente dun informe de secretaría.

O secretario explica que falou coa Consellería de Educación e que a solicitude da ANPA é que se desafecte a casa do conserxe de Esteiro, que ten que aprobarse no Pleno por maioría absoluta e que ao tratarse dun edificio anexo a un centro escolar se require tamén a autorización da Consellería. Que o Concello, con carácter previo, ten que acreditar que cumpre co establecido no decreto da Xunta e que entre as medidas que dispón está que deben ter accesos independentes, polo que está esperando o informe do técnico.

Rogos e preguntas do Grupo Socialista:

- A Sra. Maneiro roga que, con urxencia, manden a alguén ao parque infantil que hai detrás do colexio de infantil de Louro. Que están as papeleiras sen recoller e que hai bastantes queixas dos pais/nais.

- A Sra. González le o seguinte rogo: "Caridad González Cerviño, portavoz municipal del Grupo de la oposición PSdeG-PSOE de Muros, con base a las facultades que como miembro de la Corporación municipal me otorga la Constitución Española, así como por el mandato recibido de las urnas por los vecinos de Muros manifiesto: Que habiendo tenido conocimiento este Grupo Socialista de que en el acta número 26/2016 de Xunta de Gobierno de fecha 30 de agosto y dentro del orden del día 2.2 Exp. 52/16, se le otorga licencia de obra a D. Angel Manuel Romero Pedrosa para una vivienda en el lugar de rueiro Campo de Esteiro, 15250 Muros de San Pedro, con referencia catastral 000203700NH03E0001PY. Como quiera que nos consta que dicha edificación se le instruyó expediente de reposición de la legalidad urbanística por total incompatibilidad con el ordenamiento urbanístico con el PXOM de Muros, en el año 2014, dado que la obra realizada no se correspondía con la licencia otorgada, con manifiesta violación de la ordenanza nº 11 de núcleos rurales y teniendo en cuenta lo explicitado en el artículo 151 de la Ley 2/16 del 10 de febrero de suelo de Galicia, además de lo prevenido en el artículo 152, obras y usos sin título habilitante en curso de ejecución que dice: cuando se estuviera realizando algún acto de uso del suelo o del subsuelo sin el título habilitante exigible en cada caso o sin ajustarse a las condiciones señaladas en el mismo, la persona titular de la alcaldía dispondrá la suspensión inmediata de dichos actos y procederá a incohar el expediente de reposición de la legalidad comunicándolo al interesado. Apartado a) Si las obras no fueron legalizadas por ser incompatibles con el ordenamiento urbanístico se acordará su demolición y en su caso, la reconstrucción de lo indebidamente demolido, a costa del interesado. Y teniendo en cuenta que el día a quo el inicio del expediente lo fué con fecha 2014 y el artículo 159 de la Ley supra plazos y prescripción explicita que las infracciones urbanísticas muy graves explicitadas en el artículo 158.2, apartado a) prescribirán a los quince años. Las graves y las muy graves explicitadas en el artículo 158.2 apartados b) c) y d) a los seis años, es palmario que dicho expediente de reposición de la legalidad no está prescrito. Si está caducado pero no prescrito. Por lo cual solicitamos, rogamos a este ayuntamiento copia íntegra del expediente de reposición de la legalidad urbanística, del IO incochado por total incompatibilidad con el ordenamiento urbanístico del PXOM de Muros, instruído a la vivienda sita en el lugar de rueiro Campo de Esteiro, 15250 Muros de San Pedro. Asimismo solicitamos copia íntegra del expediente mediante el cual se le otorgó licencia urbanística a idéntica edificación, esta vez solicitada por D. Angel Manuel Romero Pedrosa. De no ser remitida esta documentación en el plazo de improrrogable de 10 días, procederemos a su solicitud por vía judicial en defensa de los derechos que se otorgan a los grupos políticos que conforman la Corporación Municipal por aplicación del Real decreto 2568/86 del 28 de noviembre por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y más concretamente su artículo 41.1 que explicita el siguiente tenor: Todos los miembros de las Corporaciones Locales tienen derecho a obtener del Alcalde o Presidente de la Comisión de Gobierno, cuantos antecedentes, datos o informaciones obren en poder de los servicios de la Corporación y resulten precisos para el desarrollo de su función. También rogamos que se nos entregue con esta documentación una copia del informe de advertencia que el Sr. secretario entregó por Registro de entrada, del cual ya tienen una copia pero quieren la justificación de tenerlo presentado".

-Que lle tocaba ao Concello de Muros levar a presidencia da Mancomunidade de lixo, á que renunciou a Sra. alcaldesa. Pregunta por qué renunciou.

-Que non hai luz no tramo que hai desde a baixada de Serres ata despois da Virxe do Camiño. Pregunta que pasa.

- Como están os trámites da Mancomunidade de auga? Que dixo a empresa? Se presentou demanda.

-Que o Partido Popular preguntou que medidas se están tomando para reducir o prazo de pago a provedores e pregunta se entre esas medidas está que a interventora traballe desde a casa ou se xa vén todos os días traballar ao Concello. Que o outro día preguntaron por ela e non estaba. Que lle dixeron que non viña todos os días, que quen viña todos os días era o secretario.

-Sobre a Xunta de Goberno Local do 23 de setembro, hai unha aprobación de gastos e non que non teñen esa Xunta de Goberno. Que vén nun decreto pero que lle entregaron as Xuntas de Goberno ata o 6 de setembro. Que por que non se lles dá a Xunta de Goberno do 23 de setembro.

- Pide que se lle entreguen as copias dos reparos.

-Roga que solucionen un problema que hai en Esteiro cun rexistro de sumidoiro que provoca infiltracións na perrucaría que hai no edificio Xertaches e que o dito local está pechado porque non poden traballar.

-Sobre a rampla que se pretende colocar nas "casas baratas", que lles informan que pretenden colocala nunha propiedade privada. Que o di con toda a cautela pero que os informan de que onde pretendían colocar a rampla é propiedade da comunidade de veciños, polo que lles parecería moi mal que con cartos públicos lle fixeran a dita rampla a uns particulares.

Que pretendían poñer a rampla á altura da ventá, polo que a xente lle podería entrar. Que era por iso que unha señora protestou.

Que non están en contra da construción de ramplas pero en sitios públicos.

-Pregunta desde cando a Sra. alcaldesa vota un acordo plenario sen ler a documentación, en referencia a que dixo de que votou a favor do Plan de axuste e que logo non se cumpriran as condicións que puxeran.

A Sra. alcaldesa di que toma nota dos rogos e sobre a Mancomunidade de lixo responde que se acordou que quedara a presidencia un ano máis no Concello de Lousame e que xa pasara máis veces o de repetir presidencia algún outro concello.

Sobre as luces de Serres e A Virxe, que ela ten coñecemento de que agora están funcionando. Que fallaron algúns días e que están os electricistas mirando se hai algún problema.

En relación á Mancomunidade de Auga, que seguen cos trámites. Que se recibiron as ofertas para a redacción de pregos e que pensan abrilas mañá. Que non ten constancia de que Espina&Delfín presentara ningunha demanda.

Que a Xunta de Goberno Local do 23 de setembro está coa documentación deste pleno.

A Sra. González insiste en que non.

Sobre a rampla das "casas baratas", que teñen en conta a súa advertencia e se van asegurar de se é público ou privado.

Dille á Sra. González que si tiña o costume de ler todo cando ía a un Pleno.

Sobre a interventora, a Sra. alcaldesa di que traballa tanto ou máis que calquera traballador do Concello de Muros, con coñecemento e con consentimento do grupo de goberno e que traballa moito. Que xa lle gustaría que todos traballaran tanto.

Á pregunta da Sra. González de se vén todos os días a Sra. alcaldesa di que sempre que é necesario.

O Sr. García pregunta:

- Sobre o persoal laboral con contratos encadeados durante máis de tres anos, que logo de poñerse en contacto co presidente do Comité de empresa e preguntar sobre a situación deste persoal, que lle comunica que levan moito tempo intentando solucionar varios problemas deste persoal, tales como a antigüidade, clasificación ou o cumprimento do convenio.

Que estes problemas supoñen un tremendo agravio comparativo co resto de traballadores laborais. Que todos se rexen polo mesmo convenio pero non se está cumprindo no caso do

persoal laboral temporal. Que se decataron de que algúns traballadores empezaron a cobrar trienios só tendo tres anos de antigüidade e que outros con máis tempo traballado non os cobran.

Que é moi importante para o BNG elaborar unha relación de postos de traballo (que está incluído no seu programa). Que non lle parece moi complicado xa que o anterior goberno do BNG deixou practicamente listo e só habería que actualizar a proposta.

Que tamén consideran importante que se faga cumprir o actual convenio para evitar un encadeamento de denuncias dos traballadores, que suporía un importante desembolso económico para o concello.

Pregunta se se vai elaborar unha RPT que solucione a actual situación irregular e provisional de moitos profesionais do cadro de persoal do Concello.

Se se vai facer cumprir o actual convenio.

Se se van pagar os trienios que lle corresponden aos traballadores temporais con máis de tres anos de antigüidade, segundo recolle o informe de secretaría.

-Que despois da reunión do Concello coa Asociación de veciños "A Oestreira", se hai data para a instalación do repetidor de televisión.

-Que despois de constatar que a instalación de fibra óptica na Abelleira non tiña ningún fundamento pregunta se hai algunha solución para dotar de ADSL a Abelleira e a Torea.

-Se se van presentar orzamentos e se van ser do 2016 ou 2017. Que lles parece fundamental.

-En relación do Plan de dinamización da zona histórica, que non lles parece ben que se reúnan de xeito unilateral cando hai un acordo plenario no que falaban de constituír unha mesa sectorial na que estiveran todos representados e pide que non volva pasar.

Roga que se convoque a Comisión para crear a mesa sectorial.

-Se hai avances sobre a illa da Creba e sobre as obras, que entenden, son ilegais.

-Se se presentou o Concello no proceso de solicitude para a creación dun vertedoiro de lixo industrial no Concello de Lousame.

-Se hai algún avance sobre o paseo marítimo de Esteiro, sobre as actuacións previstas.

-Que medidas inmediatas se van tomar para solucionar o estado en que se atopa o parque infantil e a zona recreativa.

-Rogan a instalación dun punto de luz no parque infantil do Artón. Que ademais de que poidan ver os seus usuarios disuadiría á xuventude de facer botellón nel.

- No parque de Portugalete hai un columpio cun ferro saído que supón un perigo para os nenos e roga o seu amaño.

-Rogan que se retiren do paseo marítimo algúns valos provisionais que entenden son dos peches do recinto para festas. Que están oxidados, xa non cumpren ningunha función e dan mala imaxe.

-Rogan que se atendan as reiteradas peticións de amaño dos adoquíns do camiño do Vilar, en Abelleira.

-Que se alumee e amañe, sobre todo a entrada, o camiño da Insuela a Solleiros.

-Que na Ponte Nova, en Abelleira, se pintou o valo pero que non se amañaron varias barras que hai rotas. Roga que se revise esa varanda.

Comenta que non lle gustou, en xeral, o que se pintou.

A Sra. alcaldesa di que toma nota dos rogos e que en canto ao dito sobre a Ponte Nova que son obras de mantemento e reparación que está facendo unha empresa contratada por estradas. Que houbo problemas gordos porque tiveron a mala idea de ir limpar as brochas ao río. E que está de acordo en que o traballo non foron axeitados.

En canto ao persoal laboral, di que non ten constancia de que xente con máis de 3 anos de traballo non cobre trienios pero que o revisará porque é algo no que se estivo traballando en varias reunións co Comité de empresa e que daba por sentado que se estaba cobrando.

Que en canto a RPT que é un dos obxectivos do goberno para o vindeiro ano.

Sobre a situación do persoal indefinido que leva máis de tres anos traballando, que desde que están no goberno ninguén colleu a condición de indefinido. Que hai un montón de persoas que levan máis de tres anos traballando pero que o problema é que o Concello non pode recoñecer



de oficio a un traballador como persoal indefinido e que só pode ser por vía xudicial. Que están coas mans atadas moi ao seu pesar, pois entenden que teñen dereito.

Á pregunta do Sr. García de se están cobrando trienios, a Sra. alcaldesa responde que si e o Sr. García di que pola información que teñen hai xente non está cobrando eses trienios.

Di a Sra. alcaldesa que o van revisar.

Sobre o repetidor de televisión, explica que un señor cedía un terreo para a súa instalación. Que habería que instalar o tendido eléctrico e facer a montaxe da torreta pero que tamén se valorou a posibilidade de darlle máis alto á torreta actual.

Que van pedir orzamentos para a instalación da torreta e do tendido eléctrico pero que o prioritario é asegurarse de que o sitio é idóneo.

Que debido ao custo das obras, solicitaron unha subvención á Deputación que esperan ter sorte e que lle concedan esa axuda.

Que tamén hai que ter en conta o castro que hai en Santa Catalina, que lle entregaron á asociación un mapa que inclúe as zonas afectadas polo castro.

Que están os técnicos do Concello vendo o que podería permitir Patrimonio facer nesas zonas.

Sobre o ADSL, que non hai ningunha novidade e que o que saíu na prensa, que os tubos que había alí non tiñan nada que ver coa liña de ADSL.

Que están traballando non orzamento para o 2017.

En relación coas reunións unilaterais sobre o Plan de dinamización aclara que as reunións se celebran a petición da asociación. Que os recibiu encantada. Que non houbo reunións ignorando o acordo do Pleno.

O Sr. García di que quedaron para unha segunda reunión e a Sra. alcaldesa aclara que volveron a ir eles porque ela se atrasou en darlles a información que lle pediron dos postos do mercadillo.

A Sra. González pregunta se lle deu esa información e contesta que o responsable ía darlle hoxe os datos que se poden dar, tipos de mercancía e tamaño.

Sobre as obras da Creba, que seguen sen saber nada e que van insistir.

Sobre o tema do vertedoiro, que si se van presentar porque logo de ver o informe que fixeron os técnicos que parece moi prexudicial para toda a ría.

En relación ao paseo marítimo de Esteiro, que non ten nada que ver coa colocación de valos na ponte.

Que a colocación de valos é polas obras de reparación que fai estradas e o paseo marítimo é cousa de Costas, que teñen o proxecto rematado pero hai que tramitar a contratación.

Que no Artón estivo o carpinteiro para arranxar as pezas do parque e que sabe que non é suficiente porque necesita un arranxo máis integral. Que cortaron a herba e en canto poidan farán unha actuación integral de xardiñería porque só cortar a herba non é suficiente.

Que teñen que impedir o paso de vehículos á zona verde porque non pode ser, todo aquel campo, zona de aparcamento no verán.

Sobre o da luz que tomou nota e que falarán co electricista.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e tres e cincuenta e catro minutos. Dou fe.